



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## COMISIÓN VALORACIÓN CONCURSOS VIXILANCIA ADUANEIRA

No día de hoxe quedaron constituídas as Comisións de Valoración dos concursos de Vixilancia Aduaneira, tanto o de Axentes ( 2011 A 01) como o do Corpo Executivo (2011 A 02).

En canto ás **RENUNCIAS**, lembre de que, segundo a convocatoria destes concursos (Base Terceira, Apartado 4) o prazo remata ás 24 horas do terceiro día seguinte á primeira sesión da Comisión de Valoración, ou sexa, o **VENRES DÍA 13, ÁS 24:00 HORAS..**

En canto ás listaxes, asegúranos a AEAT que a colgarán na Intranet no prazo máis breve posible. Achegamos, coa nota, as listaxes **provisionais**.

### PUNTUACIÓN CONCILIA:

As bases do concilia aprobáronse unilateralmente pola Administración. No obstante, solcítase por toda a parte social unha Mesa específica para negociar, para futuros concursos, uns criterios máis xustos para a puntuación deste apartado. A Administración tomou nota pero non se manifestaron sobre esa posibilidade.

### BAIXADA PUNTUACIÓNS MÍNIMAS:

En canto a baixada das puntuacións mínimas infórmasenos que non está garantizada en todas as prazas que non se cubran dun xeito xeneralizado, senón que mirarán, praza a praza, as necesidades de cobertura por parte da Administración.

### OUTROS DATOS:

Para o Subgrupo C1 son 28 plazas creándose 30 resultas. Presentáronse 413 instancias das cales 391 son da AEAT, aínda que non todas pertencen a persoal do S.V.A.

Para o Subgrupo A2 son 15 plazas quedando 12 en resultas e hai 133 instancias das cales 2 non son da AEAT.

### PRÓXIMA REUNIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN:

A comisión de valoración reunirse dentro de 15 días, aproximadamente sobre o 24 ou 25 de maio, xa que prevén que para a semana que ven aínda entren renuncias, que, aínda que estén presentadas en prazo, poden tardar en chegar por retrasos no correo, rexistro..etc.

### CIG-AEAT:

#### *DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA*

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

[WWW.CIGAEAT.COM](http://WWW.CIGAEAT.COM)